

Aportación para a PXA de 2º Ciclo

Compoñentes

Titor de 3ºA
Titora de 3ºB
Titora de 3ºC
Titora de 4ºA
Titora de 4ºB
Titora de 4ºC
Mestra de Inglés
Mestre de Música
Mestra especialista en A.L.

Neste curso 2025-2026 o 2º ciclo conta coas seguintes clases:

☞ 3º nivel: 3º A (19 alumno/as), 3ºB (19 alumnos/as) e 3ºC (18 alumnos/as)

☞ 4º nivel: 4º A (22 alumnos/as), 4ºB (22 alumnos/as), 4ºC (23 alumnos/as)

Un total de 13 alumnos reciben apoio fóra da aula por parte de profesorado especialista (PT ou AL)

TEMPORALIZACIÓN. CALENDARIO DE REUNIÓN

As reunións de ciclo realizaranse segundo o calendario de reunións docentes previsto pola xefatura de estudos para este fin. Xeralmente serán un luns de cada mes de 17:30 a 18:30 horas. Estas reunións poderán sufrir variacións ou modificación se así se considera oportuno segundo a Programación Xeral do Centro.

OBXECTIVOS DO CICLO

- ⑩ Elaborar a programación do 3º e do 4º nivel para o curso 2025-26.
- ⑩ Cumprir cos obxectivos curriculares da LOMLOE para 3º e 4º de EP.
- ⑩ Adecuar os obxectivos e os contidos curriculares aos nenos e nenas que temos nas nosas aulas. .
- ⑩ Establecer medidas de apoio e reforzo para o alumnado con necesidades específicas, así como medidas de enriquecemento para quen o precise.
- ⑩ Seguir cos apoios e os reforzos educativos para poder desenvolver axeitadamente a nosa labor educativa.
- ⑩ Participar no desenvolvemento do Proxecto de Centro, a través das distintas actividades que se propoñan
- ⑩ Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos distintos equipos de traballo.
- ⑩ Elaborar e transmitir propostas do ciclo á CCP.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

O alumnado deste ciclo terá a oportunidade de participar nas actividades programadas a nivel de centro polo equipo de actividades complementarias e extraescolares, así como as propostas polo equipo da biblioteca e polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG). Tamén se incluírán as actividades promovidas polo Concello (teatro, obradoiros) e as iniciativas da Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA).

Así mesmo, poderán integrarse outras propostas que xurdan durante o curso e que se consideren de interese para o desenvolvemento do alumnado.

As actividades programadas a nivel de ciclo para este curso son:

Actividades	Horario	Temporalización
Formación no invernadoiro para o alumnado de Proxecto Competencial (3º/4º)	LECTIVO	1º mércores de cada mes
Entrega postais nadal (3º/4º)	LECTIVO	1º Trimestre
Saída ao Cine (3º/4º)	LECTIVO	1º Trimestre
Saídas ao Gadis (3º)	LECTIVO	2º Trimestre
Charla CSIF Día da Muller e a nena na Ciencia (3º/4º)	LECTIVO	2º Trimestre
Charla Mel de Galicia (3º/4º)	LECTIVO	3º Trimestre
Saída fin de curso á Illa de Cortegada (4º)	LECTIVO	3º Trimestre
Saída fin de curso ao Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro (3º)	LECTIVO	3º Trimestre

Tamén se terán en conta as distintas conmemoracións sinaladas na Orde do calendario escolar: Día da Paz, Día Internacional da Muller Traballadora, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día dos Dereitos da Infancia, Día de Rosalía, Semana da Prensa, Día Mundial da Saúde, Día do Libro, , Semana das Letras Galegas e o Día Mundial do Medio Ambiente...